

**XORNADAS de FORMACIÓN – ORIENTACIÓN:
EOE - DO**

2017-18 - LALÍN, PONTEVEDRA, TUI, VIGO

MATERIA: ORIENTACIÓN

FASPECTOS XERAIS E NORMATIVOS DA ORIENTACIÓN

PONENTE: M^a Adoración de la Fuente Fernández

- FORMACIÓN EN IGUALDADE, DECRETO 70/2017, do 13 de xullo,

- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

FORMACIÓN EN IGUALDADE

NORMATIVA QUE A REGULA

DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 1 de agosto)

FORMACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO O PERSOAL AUTONÓMICO

• Administración autonómica impartirá cursos continuos de formación sobre a igualdade de xénero, **principalmente dirixidos aos colectivos de educación**, servizos sociais, persoal sanitario, persoal da Administración de xustiza e dos diversos corpos policiais, nos cales sempre estarán presentes contidos sobre a violencia contra as mulleres, engadindo que en todos os plans de formación, organizados pola Administración autonómica para o seu persoal, existirá un módulo sobre a igualdade entre homes e mulleres»)

FORMACIÓN EN IGUALDADE

Decreto 70/2017 (DOG 1/8/2017)

Artigo 1.2:

considerarase formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero

os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como:

igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

FORMACIÓN EN IGUALDADE

Decreto 70/2017 (DOG 1/8/2017)

Artigo 4: Niveis de coñecemento

Establécense tres niveis de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero:

a) Nivel básico: acreditará unha competencia inicial que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade nos procesos habituais de traballo, cunha duración mínima de **20 horas** en calquera dos contidos recollidos no artigo 1.

b) Nivel medio: acreditará unha competencia media que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos materiais concretos de competencia das administracións públicas: subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o coñecemento e comprensión da violencia de xénero, cunha duración mínima de **150 horas** en calquera dos contidos recollidos no artigo 1.

c) Nivel superior: acreditará unha competencia alta que permita o coñecemento e aplicación práctica do enfoque integrado ou mainstreaming de xénero, cunha duración mínima de **500 horas** en calquera dos contidos recollidos no artigo 1.

**- I Plan de actuacións para a igualdade
nos centros educativos de Galicia
2016-2020**

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

AUTORÍA:

Secretaría Xeral da Igualdade

(Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Proxecto xurdido da cooperación entre órganos superiores da Xunta de Galicia con competencias en materia de educación e igualdade.

FINALIDADE:

Promover a construción dun novo modelo formativo que abrangue por igual o feminino e masculino.

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

A QUEN VAI DIRIXIDO

- Comunidade Educativa non universitaria (máis de 1400 centros).
 - Profesorado.
 - Persoal de administración e servizos.
 - Nais, pais e demais persoas responsables.
 - Alumnado.
-
- É de **especial importancia** a implicación dos **Departamentos de Orientación**.

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

ESTRUTURA DO PLAN

Ten un total de **6 eixes**.

Cada eixe á súa vez estrutúrase en obxectivos e medidas (27 medidas totais):

Eixe 1: composto por 5 obxectivos e 18 medidas.

Eixe 2: composto por 6 obxectivos e 17 medidas.

Eixe 3: composto por 4 obxectivos e 16 medidas.

Eixe 4: composto por 3 obxectivos e 11 medidas.

Eixe 5: composto por 4 obxectivos e 13 medidas.

Eixe 6: composto por 6 obxectivos e 12 medidas.

I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

ESTRUTURA DO PLAN

EIXE 1: Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

EIXE 2: Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

EIXE 3: Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística, ...).

EIXE 4: Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e repectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

EIXE 5: Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

EIXE 6: Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Agradecimientos pola súa participación e colaboración

M^a Adoración de la Fuente Fernández